

Todo isto supuxo que o tempo de traballo dos técnicos da asociación houbo que adicalo á xestión das tarefas administrativas. Aínda así dende a Xunta Directiva e por parte dos traballadores seguimos a atender ós gandeiros en todas aquelas problemáticas que xurdan.

Dende OVICA traballamos a reo para mellorar o sector e a calidade do noso servizo técnico. E coma sempre, estamos abertos a que, dende os socios, xurdan propostas constructivas para o futuro da nosa asociación. Por iso consideramos que a sección do Boletín de "cartas dos socios" é unha vía de comunicación moi válida para saber das vosas opinións.

Esperamos a vosa participación!

A Xunta Directiva

INCIDENCIAS NA AXUDA Á PREVENCIÓN DE DANOS DO LOBO

Dende OVICA comprobamos que nalgunhas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) **non leen o Diario Oficial de Galicia (DOG)**.

Con motivo da solicitude de axudas para a prevención de danos do lobo os socios máis desafortunados atopáronse ca negativa a tramitar a axuda na súa OAC. Os motivos foron varios: "non existe esta axuda" ou "tes que ir a capital de provincia, na Consellería de Medio Ambiente". Compre lembrar que esta axuda é convocada pola Consellería do Medio Rural e que é obriga das OAC estar informados e informar das axudas pertinentes.

Por todo isto, dende OVICA, vamos elevar unha queixa formal á Consellería do Medio Rural para que se mellore o servizo que dende as OACs estase a leva a cabo.

INCIDENCIAS EN SOLICITUDES DE DANOS DE LOBO DA CAMPAÑA 2011

Dende a Consellería do Medio Rural solicitouse a algúns gandeiros/as que se volveran a presentar as solicitudes de danos de lobo da campaña pasada. Se os trámites habituais son xa moi tediosos, aínda máis si hai que facelos por duplicado!

PEGADAS DE OSO NEGUEIRA DE MUÑIZ (LUGO)

Nestes meses de inverno téñense fotografiados varios rastros de oso polos montes de Negueira de Muñiz. Tentouse de comunicar estas novidades á fundación Oso Pardo, pero a Xunta de Galicia rescindiu o convenio que permitía a vixiancia destes animais na nosa comunidade.

COMPRA – VENTA

- Véndense 20 cordeiras de recría da raza Ovella Galega – 669 268 850 – Outeiro de Rei (Lugo)
- Véndese rabaño completo, 50 femias e 2 machos – 627 838 564 e 600 075 520 – Taboada (Lugo)
- Véndese rabaño de ovellas – 649 858 614 e 618 017 261 – Vilardevós (Ourense)
- Véndense rabaño completo de 120 ovellas en cubrición – 609 212 819 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense rabaño de 40 ovellas – 615 420 575 – Chandrexa de Queixa (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie , os pais traballan con ovellas – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese rabaño de 280 ovellas – 664 397 702 – Baños de Molgas (Ourense)
- Véndese rabaño de 330 ovellas – 988 454 014 – Sarreaus (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie – 628 671 655 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie desparasitados e vacinados – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese mastín de un ano e medio traballando con ovellas - 608 879 938 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndese rabaño de ovellas – 649 858 614 e 618 017 261 – Vilardevós (Ourense)
- Véndese rabaño de 100 ovellas – 629 883 081 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense cachorros de 3 meses de Mastín dos Pirineos que conviven con cabras – 671 804 756 – Curtis (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín Leonés – 609 417 868 – A Merca (Ourense)



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 72 FEBREIRO 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

VÉLARO S. COOP. GALEGA

A nova cooperativa xa está a funcionar. Nas vindeiras semanas organizarase a primeira xornada de formación.

Dende a cooperativa facilitaremos certificados ós socios para que poidan solicitar esta axuda. A axuda tramítase xunto coa solicitude da PAC, por iso aconsellamos que se espere á recepción do certificado **antes** de facer a solicitude da PAC.

Os primeiros gandeiros que participaron nas distintas reunións feitas ó longo de Galicia formaron o grupo de 60 socios fundadores. A partires de agora **VÉLARO segue aberta a incorporación de novos socios!**

Para solicitar a participación na cooperativa podeades chamar a 687 778 013 – 669 128 946

PAC e CES 2012

Prazo de solicitude: do 1 de febreiro ata o 30 de abril

A Consellaría do Medio Rural ven de publicar no DOG a orde que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2012, o que ven a ser a PAC – CES 2012. Os principais puntos a destacar son:

- Mantéñense as axudas específicas destinadas a agricultores de ovino cabrún cuxa produción estea amparada por denominacións de **producción de calidade** (basicamente, **gandería ecolóxica**). Cos requisitos de producir un mínimo dun 25% da produción da explotación baixo este distintivo de calidade.
- Tamén seguen as axudas ós gandeiros/as de ovino cuxas explotacións se orientan á produción de carne ou leite (novidade para este ano), co fin de compensar as desvantaxes específicas ligadas á viabilidade económica deste tipo de explotacións. Entre os requisitos os titulares das explotacións terán que estar asociados nunha cooperativa, como **VÉLARO S. COOP. GALEGA**, cun censo mínimo de 5.000 reproductoras.
- Os gandeiros de cabrún que estean en zona desfavorecida ou de montaña recibirán unha axuda por animal sen necesidade de formar parte de ningunha entidade.

Para máis información sobre calquera liña de axuda, poñédevos en contacto con OVICA

NOVA ORDE DE MEDICAMENTOS

A Consellaría do Medio Rural está a desenvolver un novo sistema de prescrición e dispensación dos medicamentos veterinarios. Neste ano cada gandeiro vai recibir unha tarxeta sanitaria da súa explotación, ca cal, ca receita do veterinario, poderá ir a comercial a mercar medicamentos. Con esta modificaciónponse en marcha a receita electrónica axilizando así os trámites e os rexistros.

Esta nova lexislación obriga ós gandeiros a manter un libro de rexistro de tratamentos, pero non se especifica si vai seguir valendo o actual "Libro de Tratamentos" ou se vai haber modificacións. En tódolos casos a medida que se aplique esta nova normativa dende OVICA seguiremos informando.



CAIXA RURAL GALEGA

NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

SANIDADE – A USC diseña un protocolo para erradicar o Maedi-Visna en ovellas

O grupo de investigación de enfermidades infecciosas do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria da USC, que dirixe Gonzalo Fernández, traballa nun protocolo que permita a erradicación nos rabaños de ovellas do Maedi-Visna. A **ADSG – ACIVO** está a colaborar e xa se fixeron experiencias en varias explotacións ó longo dos últimos anos.

Os cordeiros infécense ao tomar o leite da nai ou por contacto con outros animais infectados polo virus. Por iso a recomendación para reducir a súa prevalencia pasa por apartar nun grupo separado ás crías de nais negativas. Os resultados obtidos ata agora apuntan á necesidade de recriar de animais negativos, realizar o desvelle dos positivos, crear grupos separados de destete e separar os rabaños de ovellas dos de cabras.

SANIDADE – *Schmallenberg*

Dende principios de ano vense detectando e ampliando a presenza co virus Schmallenberg (SBV) en granxas de bovino, ovino e caprino.

A día de hoxe xa se confirmaron máis de 1.373 explotacións gandeiras europeas, situadas en Alemaña, Holanda, Bélxica, Reino Unido e Francia. Do total de 1.373 explotacións 1.221 son de ovino, 105 de bovino e 47 de caprino. Por países Alemaña encabeza a lista seguida de Francia, Bélxica, Holanda e Reino Unido.

A enfermidade provoca febre de curta duración e malformacións fetais que poden desembocar en abortos nalgúns animais. Transmítese a través dos mosquitos e por vía placentaria (nai – feto).

En España aínda non se detectou a presenza do virus, aínda que presúmese que pode estar xa no territorio. Por iso o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente e as comunidades autónomas xa teñen en marcha un plan de vixilancia da enfermidade.

PRODUCCIÓN – Case o 30% do gando en España aliméntase en pastos comunais

O Instituto Nacional de Estadística (INE) publicou os resultados de unha enquisa sobre os métodos de produción de carne en España. Dos 30 millóns de cabezas de herbívoros (bovinos, ovinos, caprinos e equinos) o 27,3% pacen en terras comunais. Por comunidades autónomas, as maiores porcentaxes de herbívoros que comparten pastos danse en La Rioja (68,0%), Comunidad Foral de Navarra (53,5%) e Aragón (51,6%). Polo contrario, Illas Baleares (1%), Extremadura (4,1%) e Galicia (10,6%) presentan as menores porcentaxes.

LA – Un proxecto permite a valorización da la en Cataluña

O proxecto, impulsado pola Asociación Obrador Xisqueta, permitiu comprar nos últimos tres anos unhas 37 toneladas de la de ovellas da raza autóctona Xisqueta a un prezo superior ao do mercado, co obxectivo de recuperar e revalorizar este produto e o traballo de pastores e artesáns.

A Asociación Obrador Xisqueta é una entidade sen ánimo de lucro que puxo en marcha esta iniciativa coa finalidade de pagar un prezo xusto pola la destas ovellas a un grupo de 25 pastores do Pirineo catalán.

Os gandeiros percibían un prezo moi baixo pola la, ó redor de 15 céntimos o quilo. Esta entidade paga a la a un prezo superior: 18 céntimos o quilo no caso de ovellas cruzadas e 60 céntimos si se trata de ovellas de raza Xisqueta. En só tres anos, entre 2009 e 2011, o “Obrador” comprou unhas 37 toneladas de la, que transformaron en produtos elaborados por artesáns formados pola propia asociación. Os produtos pódense atopar en tendas de Barcelona, Madrid, Lisboa e na zona de produción. Tamén pódense adquirir a través da web www.xisqueta.cat.

A entidade espera que as vendas destas pezas aumenten e que os ingresos obtidos se poidan reinvestir na promoción da produción e nos propios pastores.

Obrador Xisqueta, tamén conseguiu alianzas con diversas empresas do sector da vivenda, do deseño e da moda para dar a esta la novos usos.

MERCADO – A ovella de desvelle mantense cunha cotización á alza e xa excede nun 10% o prezo do ano pasado. O prezo rolda os 0,55 € por quilogramo.



Resumo da crise no sector ovino/caprino en Galicia Editorial de OVICA

Estes últimos anos foron tempos revoltos para OVICA. O cambio na política da Xunta de Galicia cara o noso sector supuxo a redución das axudas tanto a OVICA como para os gandeiros.

OVICA veu extinguidos dous convenios:

- Convenio para o desenvolvemento de aproveitamentos silvopastorís en montes veciñais en man común e superficies agrarias abandonadas, dotado de 100.000 € anuais.
- Convenio para a implantación do programa de cría de cans mastíns dotado con o redo de 27.000 € anuais cos que se levan repartidos máis de 110 cans.

Os gandeiros viron reducidas as axudas en dous ámbitos de vital importancia para a supervivencia das explotacións e a dignidade do traballo:

- As axudas á prevención de ataques de lobo
- Contrato de Explotación Sustentable (CES)

O Programa de cría de cans mastíns constaba do reparto de cans mastíns correctamente identificados, desparasitados e vacinados. Agora esta labor queda completamente paralizada e os intercambios entre gandeiros tende a ser sen estas garantías.

A liña de axudas a prevención de ataques de lobo tamén veuse enormemente reducida pasando dun orzamento para toda Galicia de 94.000 € no 2009 a tan so 27.000 € para os anos seguintes, subindo de forma ridícula 1.000 € este ano 2012. Esta cantidade é insuficiente para poder facer fronte ós ataques da fauna salvaxe, tendo en conta que esta axuda permite a adquisición de cans mastíns, o peche de fincas e a adquisición de pastores eléctricos, ferramentas básicas para a protección do noso gando.

Esta falta de axudas nun momento en que os ataques da fauna salvaxe están a incrementarse ano tras ano. Os ataques rexistrados medran e as autoridades están a ocultar ou descoñecen os datos reais da poboación de lobos en Galicia. Tamén os danos provocados polo xabaril están medrando e incluso o noso presidente da Xunta sufriu nas súas carnes os problemas xerados pola falta de control da poboación.

No que se refire ó CES, a posta en marcha tarde e sen explicacións claras de cómo se ía realizar fixo que o arranque do mesmo fora moi mal comprendido polos gandeiros. Si a isto lle engadimos a redución das axudas ligadas ós pastos permanentes (liña de Control Integrado), que son as principais superficies de pastoreo dos nosos gandeiros, é evidente que o sector máis desfavorecido foi o noso.

A todo isto temos que engadir que aínda a principios de 2012 seguimos pendentes dos pagos dos CES do ano 2010! (case 2 anos despois!).

Finalmente e para rematar o CES, no ano 2011 e este 2012 xa non se poden incorporar novos gandeiros nin ampliar superficie os que xa estaban. Isto supón a exclusión desta importantísima liña de axudas de tódolos novos gandeiros e gandeiras que están a comezar.

Para poder dar o servizo de aconsellamento ós gandeiros de OVICA, obrigatorio para os solicitantes do ces, na asociación temos 2 técnicos dedicados en exclusividade a este servizo. Nos 5 anos que vai durar o servizo a Xunta aportará ó redor de 70.000 €, aínda que isto só supón o 40% do custe total

Nestes dous últimos anos OVICA fixo 4 reunións coa Xunta de Galicia nas que salientáronse os prexuízos da eliminación das liñas de colaboración e buscáronse novas fórmulas de colaboración.

As nosas propostas foron completamente desatendidas e seguimos a traballar para que sexan escoitadas.

Dende OVICA botamos en falta unha política sectorial definida, por parte da Xunta de Galicia, sobre a cal traballar e avanzar cara o futuro.

A falta de apoio ó sector e o peche das liñas de traballo acordadas coas Xunta de Galicia nos anos anteriores supuxo para OVICA, primeiro, problemas económicos. Segundo, o despido en poucos meses de tres técnicos, o 60% da plantilla da asociación. Terceiro, unha gran reestructuración do traballo da asociación. Cuarto, tensións internas entre os traballadores, debido á reestructuración do traballo. Quinto, discrepancias entre os membros da Xunta Directiva pola cantidade e trascendencia das decisións a tomar.

Segue... →